



GUÍA DOCENTE DE **DIRECCIÓN DE CORO/ORQUESTRA VII-VIII**

ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 171/2016, DO 24 DE NOVEMBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
DISCIPLINA: DIRECCIÓN DE CORO/ORQUESTRA VII-VIII										
ESPECIALIDADE	Dirección							ITINERARIO	---	
CARÁCTER	Obrigatoria							TIPO DE CLASE	Colectiva	
CURSOS	1º curso		2º curso		3º curso		4º curso		DEPARTAMENTO	
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	
ECTS/CUAD.							10	10	Observacións:	

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRITOR:	Posta en práctica dos coñecementos adquiridos nas disciplinas de dirección de coro e orquestra, a través da interpretación de composicións con linguaxes e estilos diferentes, así como en formacións de diversos tipos. Dinámicas e metodoloxías de ensaio. Liderado interpretativo na concepción dun proxecto, na organización de ensaios e concertos, e na preparación de programas de concerto. Consecución de habilidades que permitan a compenetración coa formación dirixida, así como a transmisión das propias concepcións interpretativas a outros músicos ou músicas. Fomento da participación activa e da coherencia na práctica interpretativa. Práctica de repertorios procedentes de diversas tradicións interpretativas e estilísticas e as súas implicacións expresivas. Desenvolvemento do pensamento crítico.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	É necesario unha boa base a nivel artístico e xeral, así como a capacidade de expresarse e de liderazgo.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T3, T7, T9, T10, T13
COMPETENCIAS XERAIS:	X3, X4, X7, X8, X10, X11, X12, X17, X18
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	ED1, ED3, ED7, ED9, ED10
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 171/2016, do 24 de novembro de 2016	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Afondar na historia da dirección coral/orquestral e as súas implicacións na dirección actual.	X4, X11, X17, ED1
Analizar as problemáticas que poden xurdir en función das diferentes agrupacións.	T3, T7, T9, T10, T13, X8, ED9
Ampliar o repertorio básico para coro/orquestra	X17, ED1, ED3
Executar o pulso, cambios agóxicos e dinámicos, carácter e articulación con seguridade e flexibilidade.	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED3, ED10
Balancear os planos sonoros, texturas e empaste tímbrico adecuándose ao estilo das obras	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED3, ED10
Realizar correctamente o fraseo, respiracións, golpes de arco, ataques, en función do estilo e as obras propostas.	T13, X3, X4, X12, X17, X18, ED3, ED10
Afondar n as posibilidades técnicas das voces	T3, T13, X4, ED3, ED7
Aprender a expresarse de forma clara e precisa a través do xesto favorecendo a comunicación entre o director e o grupo	T3, T7, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
Coñecer e practicar a xestualidade básica de dirección e a súa correspondencia coa expresión musical.	T3, T7, T10, X3, X10, ED1, ED9, ED10
Perfeccionar a dinámica de ensaio óptima para cada contexto.	T3, T7, T10, X3, X10, ED1,



	ED9, ED10
Interpretar da forma mais fielmente posible o pensamento do compositor estudando o seu contexto, estilo compositivo, etc. Defensa da obra.	T13, X3, X10, X12, ED10
Estudar a evolución da historia da dirección e as súas implicacións na propia interpretación, e a importancia da tradición.	T2, T17, X4, X11, X14, X15, X17, ED1, ED2, ED8
Saber organizar o traballo previo aos ensaios co grupo: elección do repertorio, estudo e análise das obras, previsión de posibles dificultades e proposta de solucións.	T1, T3, T4, T7, X7, X11, X12, X17

4. CONTIDOS

1. O Director. 1.1 Funcións e perfil formativo e profesional 1.2. Historia da dirección coral. Análise
2. O conxunto. 2.1. Tipos de agrupacións corais. Agrupacións infantís e xuvenís. 2.2.. Obxectivos e problemáticas específicas. 2.3.. Consideracións organolóxicas e clasificación vocal. 2.5. Disposición espacial.
3. O material musical. 3.1. A notación. Evolución do determinismo notacional. Áreas de indeterminación. Estudo crítico e historicamente informado. Retoques e tradicións interpretativas 3.2. Pulso, metro e ritmo. 3.3. Estudo tímbrico. Empaste e contraste sonoro. 3.4. Texturas e estratos. 3.5. Dinámica xeral e dinámica relativa. Perfil dinámico e uso do silencio. 3.6. Xeografía harmónica e topografía melódica. 3.7. Estrutura proporcional e referencial. 3.8. Articulación, acentuación e tipos de ataque. Empaque. Vogalidade e consonántica. Acentuación do texto. Emisión e corte do son. 3.9. Afinación e as súas posibilidades. Técnicas de depuración. 3.10. Respiración, dixitación e golpes de arco ao servizo da música. 3.11. Vibrato. Efectos tímbricos. Ornamentación. 3.12. Fraseo e construción estrutural: dinámica, agónica, articulación, afinación e timbre ao servizo dos procesos tensionais e discursivos. 3.13. Condicionantes extramusicais: contido textual, programa...
4. Comunicación verbal e xestual 4.1. Planos directoriais. Estratexias comunicativas. Comunicación verbal e imitativa. Xestualidade mimética, analóxica e convencional. 4.2. Os espazos e dimensións referenciais. Linguaxe corporal e comunicación facial. Capacidade comunicativa das articulacións do brazo (posición e relación de movemento). A batuta. Coordinación e independencia dos brazos. 4.3. Figuras e subdivisións. <i>Dispari</i> e anticipacións. Xestos illados. 4.4. Traxectorias do xesto. Amplitude e perfil. Velocidade e aceleración do movemento. Proporcións. 4.5. Tipos de <i>levare</i> . Marcación de caldeiróns e cortes.

**5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN**

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases teóricas	Presencial	Esporádica
Clase maxistral	Presencial	Esporádica
Exposición traballos	Presencial	Esporádica
Práctica xestual	Presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Actividades complementarias	Presencial	Esporádica
Preparación de materiais	Non presencial	Permanente durante o cuadrimestre
Titorías	Presencial	Esporádica

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. Sen embargo, existen fórmulas de recuperación se o número de faltas de asistencia é significativo. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuadrimestre, ordinaria e extraordinaria.

Avaliación ordinaria:

- Avaliación continua durante as clases e ensaios
- Probas individuais ou colectivas.
- Proba teórico-práctica
- Asistencia presencial

Avaliación alternativa (perda avaliación continua)

- Proba individual con agrupación
- Proba teórico-práctica
- Proba escrita

Avaliación extraordinaria:

- Proba individual con agrupación
- Proba teórico-práctica
- Proba escrita

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuadrimestres da disciplina.*